



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INSPECTOR/A DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A2, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2015, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO SEXTO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal cualificador o 25.11.2021, para proceder á cualificación do sexto exercicio realizado e lido pola aspirante ante o mesmo, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica cuarta, outorga a seguinte puntuación:

APELIDOS E NOME	NOTA
CASAL VÁZQUEZ, PAULA	0,60

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA: A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión de unha praza de inspector/a de urbanismo e medio ambiente, integrada no grupo "A", subgrupo A2, da subescala técnica, clase técnicos medios, da escala de administración especial incluída na OEP do ano 2015, pola quenda libre, aplicando a base 14ª das bases xerais, é a seguinte:

NOME E APELIDOS	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO	QUINTO	SEXTO	TOTAL
PAULA CASAL VÁZQUEZ	6,85	6,00	Non presentada	Apto	6,50	0,60	19,95

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o Tribunal cualificador eleva á Sra. Concelleira de Persoal a seguinte proposta de nomeamento da única aspirante que superou o proceso selectivo, proponendo o nomeamento de **dona Paula Casal Vázquez** para ocupar unha praza de inspectora de urbanismo e medio ambiente, da escala de administración especial incluída na OEP do ano 2015, pola quenda libre.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal cualificador dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena, 30-baixo e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación da aspirante que superou o sexto exercicio coa cualificación definitiva do proceso e a proposta de nomeamento, requirindo á opositora proposta para que, **no prazo de 20 días naturais**, presente a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª base xeral.

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e a declaración de non aptos nos exercicios, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

O Secretario do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica.

